



CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTRILLÓN” (LAROUCO-OURENSE)

| DATAS | IDADES | ÁMBITO | MODALIDADE | PRAZAS |
|--------------|--------|---------|-------------------------------|--------|
| 3-14/07/2021 | 18-30 | Estatal | Arqueolóxico e medioambiental | 12 |

LOCALIZACIÓN

O Concello de Larouco conta cunha importante rede de xacementos arqueolóxicos de diferentes épocas. Destacan pola súa monumentalidade os poboados castrexos tipo o Castrillón que centrará a actuación do campo de voluntariado. Pero a presenza romana é a máis patente, tanto na toponimia como en diversos restos achados, e a mellor proba é a calzada «Vía XVIII» ou Via Nova que unía Braga con Astorga.



DESCRIPCIÓN

O traballo principal da actividade realizarase en xornada de mañá na contorna do xacemento arqueolóxico do Castrillón e será de tipo arqueolóxico, aínda que tamén se realizarán actividades complementarias de carácter ambiental. Entre outras:

- Sondaxes arqueolóxicas onde as participantes no campo de voluntariado integraranse nun equipo de especialistas e participarán nunha escavación arqueolóxica que ten como especial misión localizar materiais e estruturas que podan axudarlles a datar este milenario poboado fortificado.
- Fabricación e colocación de caixas-niño.
- Limpeza manual da zona do xacemento, tanto de maleza e especies non protexidas coma do lixo que poida haber.
- Estudo de fauna e flora da contorna mediante a realización de pequenos percorridos en diferentes zonas

do Concello para coñecer a fondo a súa fauna e flora, á vez que aprendemos a usar os prismáticos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Praia dos Franceses na Veiga e praia fluvial de Petín.
- Visita á Ribeira Sacra, o Parque Natural Serra de Enciña da Lastra e As Médulas.
- Obradoiro de refugallo.
- Observación das estrelas.
- Kaiak ou catamarán polo canon do Sil

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.



COMO CHEGAR

A mellor maneira de chegar a Larouco é a través da Rúa. A Rúa ten estación de tren (www.renfe.es).

Con www.alsa.es tamén se poden facer combinacións para chegar por estrada ata A Rúa.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será no restaurante Hotel As Chairas, A Veiga.

<https://www.facebook.com/As-Chairas-128525400562124/>

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16h na estación de tren da Rúa-Petín. É imprescindible contactar previamente por correo-e para comunicar a hora de chegada a este punto de encontro.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “~CASTRILLON” (LAROUCO-OURENSE)

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando non transcurriera máis do 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Saco de durmir e esteira
- Traxe de baño ou toalla de baño e de ducha
- Chancletas de ducha
- Gorra para o sol e protector solar

- Aseo persoal
- Mochila pequena para as rutas
- Calzado cómodo e impermeable
- Roupa de abrigo, para a choiva
- Roupa e calzado de traballo

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

Servizo de Xuventude (Ourense). Tel.: 988 386 116

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...